



PROCESO SELECTIVO PARA O NOMEAMIENTO DE FUNCIONARIO INTERINO PARA CUBRIR
UNHA PRAZA DE INXEÑEIRO/A DE PROXECTOS A1 DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN
ESPECIAL.

PRIMEIRO EXERCICIO – TIPO TEST

1. O artigo 27 da Constitución Española, establece:

- a) Todos teñen o dereito á educación. Recoñécese a liberdade de cátedra.
- b) Todos teñen dereito ó traballo, recoñécese o libre mercado.
- c) Todos teñen o deber de traballar.
- d) Ningunha das anteriores é certa.

2. O artigo 14.1 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establece como un dos criterios xerais de actuación dos Poderes Públicos:

- a) A protección da maternidade sobre todo de mulleres con discapacidade.
- b) O compromiso coa efectividade do dereito constitucional de igualdade entre mulleres e homes.
- c) O fomento da efectividade nas relacións privadas entre mulleres e homes.
- d) O dereito á igualdade para todos homes, mulleres sempre que sexan vulnerables.

3. De conformidade co artigo 54 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ¿cales son as formas de iniciación dos procedementos administrativos?:

- a) Sempre mediante unha instancia por escrito do cidadán ante o órgano correspondente.
- b) De oficio ou a solicitude do interesado.
- c) De oficio, a instancia de parte ou mediante denuncia.
- d) Sempre de oficio, por acordo do órgano competente.

4. De conformidade col teor literal do artigo 105 c) da Constitución Española, no procedemento administrativo ¿cando se debe garantir a audiencia do interesado?:

- a) Cando a Administración o estime pertinente.
- b) Nalgúns casos.
- c) Cando proceda.
- d) En todo caso.

5. Segundo o artigo 36.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, das bases de réxime local unha das competencias propias da Deputación Provincial é:

- a) A prestación dos servizos de policía local.
- b) A asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Concellos, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.
- c) A xestión dos residuos sólidos e portos deportivos do municipio en onde presta os seus servizos.
- d) A asistencia a concellos en materia de instalacións deportivas ambientais.

6. Conforme o disposto no artigo 77 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, as sesións do Pleno poden ser:

- a) Ordinarias, extraordinarias e simples.
- b) Ordinarias, ordinarias de carácter urgente e simples.
- c) Ordinarias, quincenais ou mensuais.
- d) Ordinarias, extraordinarias e extraordinarias de carácter urgente.

7. Segundo o disposto no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, ¿que dereito se exerce de forma colectiva?:

- a) Liberdade sindical e exercicio da folga.
- b) Liberdade sindical e prevención de riscos laborais.
- c) Liberdade sindical e libre asociación profesional.
- d) Liberdade sindical e protección en materia de seguridade e saúde no traballo.

8. Segundo o disposto no artigo 85 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, ¿cal das seguintes non é unha situación administrativa dos funcionarios de carreira:

- a) Expectativa de destino.
- b) Excedencia.
- c) Servizos especiais.
- d) Suspensión de funcións.

9. Segundo o artigo 7.1 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, o tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderán fundarse no seu consentimento cando sexa maior de:

- a) Doce anos.
- b) Dezaioito anos.
- c) Dezaseis anos.
- d) Catorce anos

10. De acordo coas normas da Deputación de Pontevedra que regulan o acto de recepción e da intervención da comprobación material de investimentos, e no ámbito das actuacións previas ao acto formal de recepción, que documentación hai que incorporar coa solicitude de designación do representante da Intervención?

- a) O prego de cláusulas administrativas
- b) O proxecto ou memoria técnica no caso do contrato de obras, e o prego de prescricións técnicas no resto de prestacións
- c) O contrato, as melloras ofertadas e as modificacións aprobadas e demais documentación técnica que ha de rexer a execución do obxecto do investimento
- d) Todas son correctas

11. De acordo coas normas da Deputación que regulan o acto de recepción e da intervención da comprobación material de investimentos, en que suposto o

pronunciamento do Interventor ou delegado/a, como resultado da intervención da comprobación material do investimento, pode ser favorable con observacións?:

- a) Diferenzas de escasa importancia cuantitativa entre o realmente executado e o aprobado
- b) Traballos ou prestacións total ou parcialmente recibidos e distribuídos no momento da recepción
- c) Ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo sen a presenza dun representante de intervención
- d) Unidades ou elementos non executados ou executados incorrectamente, non susceptibles de corrección ou non emendables en prazo

12. Segundo o recollido no artigo 4 do Real decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, o produtor de residuos de construción e demolición estará obrigado a incluír no proxecto de execución da obra un estudo de xestión de residuos de construción e demolición, que conterá como mínimo, entre outros:

- a) Unha estimación da cantidade, expresada en toneladas e en metros cúbicos, dos residuos de construción e demolición que se xerarán na obra
- b) Unha desagregación das cantidades de residuos perigosos e residuos non perigosos
- c) Unha análise das terras desaloxadas
- d) Os medios de financiamento

13. De conformidade co establecido no Real decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, o plan de xestión dos residuos de construción e demolición que se vaia a producir na obra, debe ser aprobado por:

- a) A Dirección facultativa
- b) A Persoa física ou xurídica que execute a obra
- d) O produtor de residuos de construción e demolición

c) O Xestor de residuos

14. De conformidade co establecido no artigo 4 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, é obrigatorio a elaboración dun estudo de seguridade e saúde nos proxectos de obras:

- a) Cando o orzamento de execución por contrata incluído no proxecto sexa igual ou superior a 50 millóns de pesetas
- b) Cando o orzamento de execución por contrata incluído no proxecto sexa inferior a 50 millóns de pesetas
- c) Cando a duración estimada sexa superior a 30 días laborables, empregándose nalgún momento a máis de 20 traballadores simultaneamente
- d) cando o volume de man de obra estimada, entendendo por tal a suma dos días de traballo do total dos traballadores na obra, sexa superior a 50

15. Segundo o Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, o Plan de seguridade e saúde no traballo:

- a) Será elaborado polo coordinador en materia de seguridade e saúde
- b) Deberá ser aprobado antes do inicio da obra, polo coordinador en materia de seguridade e de saúde durante a execución da obra.
- c) Será aprobado polo coordinador en materia de seguridade e saúde xunto co proxecto de execución da obra
- d) Será elaborado polo coordinador en materia de seguridade e saúde e aprobado xunto co proxecto de execución da obra

16. Segundo o artigo 234 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a contratación conxunta da elaboración do proxecto e a execución das obras correspondentes terá carácter excepcional e só poderá efectuarse nos seguintes supostos cuxa concorrencia deberá xustificarse debidamente no expediente:

- a) Cando motivos de orde técnica obriguen necesariamente a vincular o empresario aos estudos das obras. Estes motivos deben estar ligados ao destino ou ás técnicas de execución da obra
- b) Cando se trate de obras cuxa dimensión excepcional ou dificultades técnicas singulares, requiran solucións achegadas con medios e capacidade técnica propias das empresas.
- c) Cando a dificultade da obra implique a intervención de dúas ou máis empresas na súa realización.
- d) As respostas a) e b) son correctas.

17. Non terán a consideración de modificacións do contrato de obras (artigo 242 da Lei Contratos do Sector Público),

- a) A inclusión de prezos novos, sempre que non supoñan incremento do prezo global do contrato nin afecten a unidades de obra que no seu conxunto exceda do 10% do orzamento primitivo do mesmo
- b) O exceso de medicións, sempre que en global non representen un incremento do gasto superior ao 10% do valor estimado do contrato
- c) O exceso de medicións, sempre que en global non representen un incremento do gasto superior ao 20% do valor estimado do contrato
- d) A inclusión de prezos novos, sempre que non supoñan incremento do prezo global do contrato nin afecten a unidades de obra que no seu conxunto exceda do 3% do orzamento primitivo do mesmo

18. Conforme ao disposto no artigo 232 da Lei de Contratos do Sector Público, enténdense por obras de reparación:

- a) As necesarias para emendar un menoscabo producido nun ben inmovible por causas fortuítas ou accidentais.
- b) As que teñen por obxecto reparar unha construción conservando a súa estética, respectando o seu valor histórico e mantendo a súa funcionalidade.
- c) As que teñen por obxecto reparar unha construción conservando a súa estética, respectando o seu valor histórico e dotándoa dunha nova funcionalidade que sexa compatible cos elementos e valores orixinais do inmovible.
- d) O conxunto de obras de ampliación, mellora, modernización, adaptación, adecuación ou reforzo dun ben inmovible xa existente.

19. Segundo o especificado nas Instrucións Técnicas para Obras Hidráulicas en Galicia (ITHOG), cal é a separación máxima entre pozos de rexistro para unha rede de saneamento con diámetro nominal de tubaxe menor de 600 mm.

- a) 30 metros.
- b) 40 metros.
- c) 80 metros.
- d) non existe unha separación máxima.

20. Segundo as Instrucións técnicas para obras hidráulicas en Galicia, as redes de saneamento en áreas residenciais, urbanas, comerciais ou industriais deberán ter a suficiente capacidade para evacuación da totalidade das augas residuais xeradas na zona atendida e das augas de choiva xeradas na súa conca tributaria asociada

- a) 5 anos, poñendo a rede en carga sen alagar.
- b) 10 anos, poñendo a rede en carga sen alagar.
- c) 25 anos, poñendo a rede en carga sen alagar.
- d) 50 anos, poñendo a rede en carga sen alagar.

21. Sobre unha capa de material granular, antes da extensión sobre ela dunha capa de mestura bituminosa aplicarase:

- a) unha rega de adherencia.
- b) unha rega de imprimación.
- c) unha rega de curado.
- d) non fai falta aplicar ningún tipo de rega.

22. Segundo a 6.1 – IC unha explanada con categoría E2 deberá ter un módulo de compresibilidade no segundo ciclo de Carga (Ev2), de acordo coa NLT-357, de:

- a) ≥ 60 .
- b) ≥ 120 .
- c) ≥ 125 .
- d) ≥ 200 .

23. Un firme constituído por capas granulares non tratadas e por un pavimento bituminoso de espesor inferior a 15 cm., pódese considera como firme flexible segundo a Orde FOM/3460/2003, do 28 de novembro, pola que se aproba a norma 6.1-IC Seccións de firme, da Instrución de Estradas?

- a) Non.
- b) Si.
- c) Só en caso de empregar betume modificado.
- d) Depende dos espesores das capas granulares empregadas.

24. Unha actuación de conservación ordinaria é:

- a) A renovación superficial do firme.
- b) O bacheo.
- c) A mellora da drenaxe subterránea.
- d) A reciclaxe do firme.

25. Segundo a Norma 6.1-IC "Seccións de firme", a definición de "mestura bituminosa en quente para capas de rodadura cuxos áridos presentan unha discontinuidade granulométrica moi acentuada nos tamices inferiores do árido groso" corresponde a un/unha:

- a) Mestura de alto módulo
- b) Leitada bituminosa
- c) Mestura bituminosa discontinua en quente
- d) Tratamento superficial

26. Unha estrada ten 500 vehículos pesados ao día, un chaira EI na súa totalidade e non existen preto canteiras con saburra adecuada. Para un proxecto de mellora do firme da estrada mencionada, indicar cal das seguintes seccións de firme con mestura bituminosa débese empregar:

- a) 212.
- b) 122.
- c) 221.

d) 112.

27. De acordo coa Guía de Cimentacións en Obras de Estradas, sinala a resposta correcta:

- a) Pilotes que traballan a fuste tamén se adoitan denominar pilotes columna
- b) Cimentacións semi profundas son aquelas cuxa profundidade de cimentación presenta uns límites razoables de $D/B \geq 5$ e $D/B \leq 10$, onde D é a profundidade da cimentación e B a súa anchura.
- c) Pilotes que traballan por punta son aqueles executados en terreos nos que a capacidade portante crece dun xeito paulatino coa profundidade, sen existir un nivel claramente máis resistente.
- d) Respecto a pilotes executados con formigón "in situ", cando as paredes da escavación son inestables, en ocasións é suficiente proceder á súa estabilización con lodos bentoníticos ou con polímeros, que despois son expulsados polo formigón ao encher a escavación.

28. No calculo de conducións segundo as ITOHG, Cal destas circunstancias fai que non se poida utilizar o método simplificado?:

- a) A rede a calcular non ten máis de 10 nós e hai circuítos pechados.
- b) A rede abastece a menos de 1.000 habitantes.
- c) Na rede non hai impulsións.
- d) Na rede non hai elementos que impliquen regras lóxicas (válvulas reguladoras de presión...).

29. No calculo de conducións segundo as ITOHG, segundo o método completo e con carácter xeral, dos parámetros básicos a considerar no dimensionamento hidráulico dunha tubaxe, Cal destes non é correcto?:

- a) Supoñer un fluxo de auga laminar e transitorio dentro da tubaxe, e adicionalmente ao funcionamento ao longo dun día (fluxo quasi non transitorio), de acordo cunha curva de demanda que recolla os coeficientes de punta horarios definidos na ITOHG-ABA-1/1.

b) O proxectista pode contemplar o fluxo transitorio de modo simplificado, excepto en proxectos de gran relevancia, nos que o fluxo transitorio debe ser estudado con detalle.

c) A presión máxima permanente que se alcance en calquera punto da rede, salvo circunstancias extraordinarias que precisarán autorización expresa de Augas de Galicia , deberá ser a do valor establecido en cada un dos casos, para a presión de servizo (SP).

d) A efectos de calculo, os diámetros interiores mínimos serán de 80 mm.

30. Segundo as ITOHG, Cal das seguintes non é definida como unha tipoloxía de rede de distribución de auga?:

a) Rede Principal.

b) Rede de Transporte.

c) Rede Arterial.

d) Rede Secundaria.

31. Cal dos seguintes elementos presentes en redes de tubaxes permite illar un tramo de tubaxe para a súa inspección ou reparación?:

a) Válvula de inspección .

b) Sensor de control.

c) Sensor de presión.

d) Válvula de control.

32. No caso dos PPS e mesetas, Cal é a tolerancia admisible sobre os valores das táboas contidas na Instrución de deseño de dispositivos de precaución da Deputación de Pontevedra?:

a) 10%.

b) 30%.

c) Depende da tipoloxía do dispositivo.

d) 5%.

33. Respecto aos PPS/Mesetas con rampla sinusoidal incluídos na Instrución de deseño de dispositivos de precaución da Deputación de Pontevedra, Cal é a resposta correcta?:

- a) Son máis utilizados que os de caras planas.
- b) Se a beirarrúa é moi elevada, o PPS sinusoidal deberá recrecerse até alcanzar esta en todo caso, non resultando convinte elevar a calzada os cm. necesarios uns metros antes e despois do paso por dificultar o efecto desexado.
- c) É necesario partir de valores máis estritos de deseño polo suavizado dos encontros derivado do compactado das mesturas bituminosas, o cal rebaixa o efecto redutor de velocidade do dispositivo.
- d) Todas as respostas son correctas.

34. Cales destes requisitos deberán cumprir as prazas, parques e xardíns, exceptuándose as áreas axardinadas, segundo a TMA/851/2021. Condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos?:

- a) En todo o seu desenvolvemento posuirán unha altura libre de paso non inferior a 3,00 m.
- b) A pavimentación reunirá as características de deseño e instalación definidas para os itinerarios peonís accesibles na propia norma.
- c) Poderán existir chanzos illados en puntos singulares.
- d) Todas as respostas son correctas.

35. Segundo a TMA/851/2021. Condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos, os espazos públicos urbanizados cumpren que son:

- a) Espazos peonís e vehiculares, de paso ou estancia.
- b) Espazos non adscritos a unha edificación, e que forman parte do dominio público ou están destinados ao uso público.
- c) Espazos no solo en situación básica de urbanizado de conformidade co disposto pola lexislación estatal do solo.
- d) Todas as respostas son correctas.

36. A Ordenanza de seguridade viaria da Deputación Provincial de Pontevedra ten o seu ámbito de aplicación en:

- a) As vías de titularidade provincial exclusivamente.
- b) Todas as vías de titularidade provincial, así como naqueloutras que, previo acordo da súa entidade titular, decidan adoptala.
- c) Todas as vías que discorran polo territorio da Provincia de Pontevedra.
- d) Todas as vías que discorran polo territorio da Provincia de Pontevedra excepto as autoestradas con velocidade máxima de 120 Km/h.

37. Segundo a documentación técnica oficial de estradas do Ministerio de Fomento, de prescricións e recomendacións técnicas para a realización de estudos de tráfico, dentro dos parámetros fundamentais do tráfico, cal é a variable básica para determinar o nivel de servizo en autoestradas e autovías?

- a) A intensidade media diaria (IMD).
- b) A densidade de tráfico.
- c) A porcentaxe de vehículos pesados.
- d) A velocidade máxima permitida.

38. De acordo co Real decreto 345/2011, modificado polo Real decreto 61/2022, cal dos seguintes procedementos forma parte da xestión da seguridade das infraestruturas viarias?

- a) A homologación de sistemas de control de velocidade.
- b) A inspección técnica periódica de vehículos.
- c) As auditorías de seguridade viaria.
- d) A expedición e renovación de permisos de condución.

39. Nun proxecto de obras, ao abeiro do que se indica no artigo 233 da Lei de contratos do sector público, no que se fai mención ao control de calidade nos pregos de condicións, en que documento debe regularse a maneira en que se levará a cabo o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución?

- a) Na memoria do proxecto.
- b) No prego de cláusulas administrativas particulares.
- c) No prego de prescricións técnicas particulares.



d) No orzamento de execución material.

40. Segundo o artigo 202.6 do PG-3 sobre o Prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes, o control de recepción do cemento deberá incluír obrigatoriamente, cando menos:

- a) Un ensaio de resistencia mecánica por cada remesa.
- b) A comprobación da documentación e da etiquetaxe, e unha inspección visual da subministración.
- c) Unicamente a inspección visual da subministración.
- d) A toma de mostras e ensaios complementarios en todos os casos.

41. Segundo a Guía básica de espazos públicos e mobilidade amable da Deputación de Pontevedra, nas rúas e áreas de preferencia peonil, a velocidade máxima dos vehículos motorizados será, como moito, de:

- a) 50 km/h.
- b) 40 km/h.
- c) 30 km/h.
- d) 20 km/h.

42. Segundo a Guía básica de espazos públicos e mobilidade amable da Deputación de Pontevedra, a xerarquía de prioridade nas actuacións viarias será:

- a) 1.º transporte público, 2.º peón, 3.º ciclista, 4.º vehículo privado.
- b) 1.º peón, 2.º ciclista, 3.º transporte público, 4.º vehículo privado.
- c) 1.º peón, 2.º transporte público, 3.º ciclista, 4.º vehículo privado.
- d) 1.º ciclista, 2.º peón, 3.º transporte público, 4.º vehículo privado.

43. Segundo o enfoque metodolóxico da Axenda 2030 da Deputación de Pontevedra, para calcular os graos de implantación tómase como referencia a poboación residente en concellos de:

- a) Menos de 5.000 habitantes.

- b) Menos de 10.000 habitantes.
- c) Menos de 20.000 habitantes.
- d) Menos de 50.000 habitantes.

44. Segundo o enfoque metodolóxico da Axenda 2030 da Deputación de Pontevedra para o desenvolvemento sostible na provincia, os graos de implantación obtidos foron:

- a) Un grao de implantación orzamentaria e outro de implantación orgánica.
- b) Un grao de implantación territorial e outro de implantación poboacional.
- c) Un grao de implantación municipal e outro de implantación comarcal.
- d) Un grao de implantación administrativa e outro de implantación financeira.

45. No marco estratéxico do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas da Deputación de Pontevedra, a nova convocatoria de subvencións pretende permitir aos concellos:

- a) Financiar exclusivamente actividades deportivas e eventos de tempada.
- b) Acometer actuacións de modernización e mellora das infraestruturas deportivas existentes, así como novas construcións, equipamentos ou instalacións.
- c) Cubrir unicamente gastos correntes de funcionamento de servizos deportivos.
- d) Financiar exclusivamente a contratación de persoal para instalacións deportivas.

46. Segundo o artigo 14.1 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, ¿quen ten o deber de protección fronte aos riscos laborais?:

- a) O empresario e as Administracións públicas respecto do persoal ao seu servizo.
- b) O comité de seguridade e saúde exclusivamente.
- c) Os representantes dos traballadores segundo acordo colectivo.
- d) O comité de seguridade e saúde conxuntamente cos traballadores.

47. De acordo co establecido no artigo 239 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para os contratos de obras, en casos de forza maior e



sempre que non exista actuación imprudente por parte do contratista, este terá dereito a unha indemnización polos danos e prexuízos que se lle produciron na execución do contrato, tendo a consideración de casos de forza maior os seguintes:

- a) Os incendios.
- b) Os fenómenos naturais de efectos catastróficos, como maremotos, terremotos, erupcións volcánicas, movementos do terreo, temporais marítimos, inundacións ou outros semellantes.
- c) As desfeitas ocasionadas en tempo de guerra, roubos ou alteracións da orde pública
- d) Ningunha das anteriores é correcta

48. Para as redes de saneamento a ITOHG-Instrucións Técnicas para Obras Hidráulicas en Galicia define Imbornal como

- a) Elemento que recolle as augas pluviais de escorrentía e introdúceas na rede de saneamento.
- b) Estrutura hidráulica destinada, fundamentalmente, a regular caudais nos períodos de choiva e posteriormente evacualos de forma controlada, con dous posibles obxectivos: reducir as verteduras ao medio, ou evitar inundacións augas abaixo.
- c) Calquera estrutura que, intercalada na rede de saneamento, permite e facilita a súa explotación.
- d) Rexistro que non permite o acceso ao seu interior polas súas reducidas dimensión.

49. Segundo a Ordenanza de seguridade viaria da Deputación Provincial de Pontevedra, sen prexuízo de maiores limitacións que determinadas características das vías aconsellen: cruzamentos perigosos, curvas, etc., as velocidades máximas a implantar nas vías provinciais serán, como máximo, as seguintes:

- a) Estradas cuxa zona de circulación teña unha sección igual ou superior aos 6 metros, cunha beiravía superior a un metro, a velocidade máxima será de 100 km/hora.
- b) Estradas cuxa zona de circulación teña unha sección igual ou superior aos 6 metros, cunha beiravía inferior a un metro ou sen el, a velocidade máxima será de 90 km/hora.

c) Estradas cuxa zona de circulación teña unha sección inferior aos 8 metros, con ou sen beiravías, a velocidade máxima será de 70 km/hora.

d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

50. Segundo a base primeira do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cal das seguintes actuacións non é subvencionable?

a) A construción de novas instalacións e espazos públicos de uso deportivo.

b) A modernización, remodelación e mellora de instalacións e doutros espazos públicos de uso deportivo.

c) A dotación de equipamentos para instalacións deportivas e de material deportivo de carácter inventariable.

d) As actuacións en edificios ou instalacións de usos múltiples que non teñan carácter exclusivamente deportivo.

**PROCESO SELECTIVO PARA EL NOMBRAMIENTO DE FUNCIONARIO INTERINO PARA
CUBRIR UNA PLAZA DE INGENIERO/A DE PROYECTOS A1 DE LA ESCALA DE
ADMINISTRACIÓN ESPECIAL**

PRIMER EJERCICIO – TIPO TEST

1.	a)
2.	b)
3.	b)
4.	c)
5.	b)
6.	d)
7.	a)
8.	a)
9.	d)
10.	d)
11.	a)
12.	a)
13.	a)
14.	c)
15.	b)
16.	d)
17.	d)
18.	a)
19.	c)
20.	ANULADA
21.	b)
22.	b)
23.	b)
24.	b)
25.	c)
26.	a)
27.	d)
28.	a)
29.	a)
30.	a)
31.	d)
32.	b)
33.	c)
34.	b)

35.	d)
36.	b)
37.	b)
38.	c)
39.	c)
40.	b)
41.	d)
42.	b)
43.	c)
44.	b)
45.	b)
RESERVA	
46.	a)
47.	b)
48.	d)
49.	a)
50.	d)